



**BASES CONVOCATORIA ERASMUS +  
MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA PRÁCTICAS  
(FCT NO EXTRANXEIRO)  
ABRIL-XUÑO / SETEMBRO-DECEMBRO 2017**



**CIFP Portovello**

r/ Luis Trabazos, 1 Ourense  
CP 32004 Ourense  
Tfno. 988232649, Fax 988224420  
[cifp.portovello@edu.xunta.es](mailto:cifp.portovello@edu.xunta.es)  
<http://www.cifpportovello.es>

**I.E.S. 12 DE OUTUBRO**

Av. de Santiago, 2  
32001 Ourense  
Teléfono: 988213619 Fax: 988213722  
[12octubreeuropa@gmail.com](mailto:12octubreeuropa@gmail.com)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/ies12outubro/>

**CIFP A Farixa**

Rúa das Laxas, s/n  
32005 Ourense  
Teléfono: 988236552 Fax: 988236552  
[programaseuropeos@farixa.es](mailto:programaseuropeos@farixa.es)  
<http://www.farixa.es>

**CIFP A Carballeira**

Praza da Lexión, s/n  
32002 Ourense  
Teléfono: 988221312 Fax: 988227935  
[ies.carballeira@edu.xunta.es](mailto:ies.carballeira@edu.xunta.es)  
<http://www.edu.xunta.es/centros/iescarballeira/>



# **BASES CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA PRÁCTICAS (REALIZACIÓN FCT NO EXTRANXEIRO) ABRIL-XUÑO 2017 / SETEMBRO- DECEMBRO 2017**

Convocatoria de selección: **ERASMUS+ 2016-2018**  
Nº de PROXECTO: **2016-1-ES01-KA103-023834**

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA REALIZAR PRÁCTICAS EN PAÍSES DA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

## **BASES DA CONVOCATORIA**

O Consorcio FP Sup. Ourense - Europa abre unha primeira convocatoria para asignar DEZAOITO (18) bolsas de mobilidade para prácticas para alumnos de Ciclos Superiores de Formación Profesional matriculados en calquera dos centros socios do Consorcio e que queiran realizar o módulo de FCT no estranxeiro (o reparto de bolsas para cada centro do Consorcio está reflectido na acta nº 24 con data 27 de setembro do 2016 do Consorcio FP Sup. Ourense - Europa).

Estes fondos que proceden da acción clave (KA1) de Mobilidade de estudantes de Educación Superior do Programa ERASMUS+ (xestionados pola Axencia Nacional (SEPIE) en España), están suxeitos á normativa propia da Axencia Nacional en relación ao programa referido.

Este proxecto consiste na realización dunha mobilidade de ata 11 semanas, de prácticas NON REMUNERADAS, en empresas relacionadas cos estudos cursados das familias profesionais impartidas nos centros de ensino do Consorcio.

A súa finalidade é proporcionar aos beneficiarios a oportunidade de ter unha experiencia formativa no ámbito laboral no estranxeiro, perfeccionar o coñecemento doutro idioma e coñecer outras culturas e modos de vida.

As prácticas contabilízanse como horas do módulo de FCT do ciclo correspondente.

O Consorcio FP Sup. Ourense - Europa apoiará aos alumnos, a través do seu centro de ensino na procura de:

- Empresas ou institucións dispostas a participar no Programa de países da UE.
- Seguimento por parte da titoría das prácticas e da coordinación de programas internacionais.
- Asesoramento e guía en todo o período.

## 1. ASPECTOS XERAIS

---

### **Dirixido a:**

Alumnado de ciclos de Grao Superior para a realización do módulo FCT no estranxeiro. O Consorcio FP Sup. Ourense-Europa proporciona, a través do centro de matriculación do alumno, a xestión das bolsas ERASMUS+ e dos aspectos académicos relacionados coa validez da realización de FCT en países europeos adheridos ao programa. Tamén facilitará, na medida do posible, a xestión da mobilidade e o contacto cos centros de traballo.

### **Lugar:**

Cada un dos centros de ensino que forman parte do Consorcio ofertará destinos, logo da publicación desta convocatoria, en función das empresas ou institucións colaboradoras de que dispoña para cada unha das especialidades impartidas.

Por outra banda, o alumnado solicitante poderá promover a realización de convenios con empresas do seu interese, para isto deberá presentar un “Compromiso de acollida da empresa” no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria).

## 2. PERÍODO DE REALIZACIÓN

---

Abril a xuño de 2017 ou setembro a decembro de 2017.

## 3. DURACIÓN

---

Ata 11 semanas.

#### 4. ACHEGAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO

---

- **BOLSAS ERASMUS+:** (80% ao inicio da mobilidade e o 20% restante ao finalizar)

<b>GRUPO</b>	<b>PAÍSES</b>	<b>CANTIDADE MENSUAL DAS AXUDAS</b>
<b>Grupo 1</b>	Austria, Dinamarca, Finlandia, Francia, Irlanda, Italia, Liechtenstein, Noruega, Reino Unido, Suecia.	<b>400 €</b>
<b>Grupo 2</b>	Alemaña, Bélxica, Chipre, Croacia, Eslovenia, Grecia, Islandia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, República Checa, Turquía.	<b>350 €</b>
<b>Grupo 3</b>	Antiga República Iugoslava de Macedonia, Bulgaria, Eslovaquia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Malta, Polonia, Romanía.	<b>300€</b>

#### AXUDAS COMPATIBLES COA FINANCIACIÓN ERASMUS +:

- **Axudas da FCT** para transporte, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia: segundo a convocatoria anual e o país de destino.

#### 5. COMITE DE SELECCIÓN

---

Recollido nas bases complementarias de cada centro do Consorcio.

#### 6. CRITERIOS DE SELECCIÓN DE CANDIDATOS

---

As prazas dispoñibles para realizar a FCT en países europeos baixo o programa de mobilidade descrito nesta convocatoria asignaranse ao alumnado interesado, logo da presentación da solicitude, que será baremada en cada centro de ensino (recollidas nas bases complementarias) segundo criterios establecidos no proxecto aprobado no Consorcio e que valorarán como mínimo os seguintes apartados:

- Competencia lingüística
- Informe de titoría / equipo docente
- Expediente académico

## 7. SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

---

As persoas interesadas poden entregar a solicitude na secretaría do seu centro, dende o 14 ao 28 de NOVIEMBRE de 2016 antes das 14:00h. O impreso de solicitude atópase no Anexo I desta convocatoria, ou ben se pode recoller na secretaría.

Xunto co impreso de solicitudes se entregará:

1. Curriculum Vitae e carta de motivación no idioma do país de preferencia ou no seu defecto inglés, **segundo o modelo europeo C.V. Europass** <https://europass.cedefop.europa.eu/editors/es/cv/>
2. Documentos acreditativos da competencia lingüística alegada.
3. Fotocopia do DNI.
4. Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II desta convocatoria).

## 8. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

---

Cada centro membro do Consorcio FP Sup. Ourense - Europa mediante a súa comisión de selección baremará as solicitudes presentadas segundo as propias bases complementarias.

Finalizado o proceso de baremación asignaranse as prazas ofertadas para cada centro do Consorcio. Publicaranse nos taboleiros de anuncios dos centros, así como nas páxinas web, as actas da resolución, nas que se incluírá a lista de adxudicacións, a lista de espera e os candidatos non aptos.

Se por causa xustificada algún seleccionado non puidese realizar a mobilidade, a vacante pasará a ser cuberta segundo a orde da listaxe de espera.

Se quedaran vacantes nalgún centro do Consorcio, estas poderanse cubrir con alumnado das listas de espera dos outros centros. Neste caso será o Consorcio quen determine a que centro se lle adxudica a vacante.



## 9. FORMACIÓN LINGÜÍSTICA

---

Segundo establece o Programa Erasmus+ o **alumnado seleccionado terá a obriga** de realizar unha formación lingüística no idioma de traballo do país asignado, independentemente do nivel acreditado no proceso de selección:

- Todo o alumnado fará una **Proba de nivel** na plataforma on-line proporcionada pola Comisión Europea sobre o idioma do país para o que foi seleccionado.
- O alumnado que supere a proba de nivel fará una Formación on-line na devandita plataforma.
- Ao remate da mobilidade, todo o alumnado fará una **Proba final** on-line na mesma plataforma.





## ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

CONVOCATORIA ERASMUS + MOBILIDADE DE ALUMNADO CICLOS SUPERIORES PARA PRÁCTICAS  
(FCT NO EXTRANXEIRO) NOS PERIODOS XANEIRO-ABRIL/SETEMBRO-DECEMBRO 2017

DATOS DO/A CANDIDATO/A						
Apelidos					Nome	
Enderezo						
Teléfono 1	Correo electrónico					
Teléfono 2	Data de nacemento					
CURSO ACTUAL						
Ciclo	Nome do centro					
IDIOMAS						
Idioma acreditado	Superior/B2	<input type="checkbox"/>	B1	<input type="checkbox"/>	A2	<input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	Superior/B2	<input type="checkbox"/>	B1	<input type="checkbox"/>	A2	<input type="checkbox"/>
Idioma acreditado	Superior/B2	<input type="checkbox"/>	B1	<input type="checkbox"/>	A2	<input type="checkbox"/>
Solicita proba de idiomas no acreditado?						
Participación previa en programas europeos		SÍ	<input type="checkbox"/>	NON	<input type="checkbox"/>	
Describe esa participación		Nome do programa				
		Organismo		data		
PAIS DE DESTINO						
<i>Sinálalos por orde de preferencia</i>						
País 1		País 2		País 3		
Presenta Compromiso de acollida da empresa (Anexo II).		Nome do centro				
Correo electrónico		Enderezo				
		País		Teléfono		
DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA						
<input type="checkbox"/> Curriculum Vitae e carta de motivación, seguindo o modelo europeo C.V. Europass. <input type="checkbox"/> Documentos acreditativos da competencia lingüística. <input type="checkbox"/> Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro (Anexo II). <input type="checkbox"/> Fotocopia do DNI.						
FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDE E SINATURA						
Pola presente solicito a miña participación no Programa Erasmus+ FP Superior Ourense - Europa (N.º proxecto 2016- 1- ES01- KA103- 023834). No caso de ser seleccionado/a, asumo a responsabilidade de realizar a estadía no centro de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadía.						
Sinatura				Data		

Comisión de Selección de Mobilidades para prácticas de Ciclos Superiores





## Annex II Training commitment

*Name of the candidate:*

*Personal ID nº:*

I, .....(name)....., as legal representative of the company  
 ....., with VAT number  
 ..... I commit to welcoming .....(participant´s  
 name)..... as an unpaid work experience participant, within the  
 Erasmus + Programme, in the period .....2017.

FOR THE HOST ORGANISATION

*Name:* .....

*Position:* .....

*Telephone:* .....

*E-mail:* .....

Place / date: .....